

Repaso cun texto

4 Le o poema coa entoación e as pausas adecuadas:

Herba verde,
fresca herba,
herba que o camiño fai,
herba que no monte xorde
e, aló arriba, vén e vai.

Herba verde,
todo é herba
desde o solpor ao amencer,
desde o curuto ata o val;
herba que nunca esvaece;
pasa o tempo,
segue igual.

Herba verde,
compañeira,
peregrina co que sofre
día a día ao camiñar;
herba verde, verde alfaia,
que da man do vento espalla
cen mil ondas coma un mar.

Ana M.^a Fernández: *Tres voltas ó planeta*,
Ed. Everest (adaptación).



5 Segundo o poema, onde hai herba?

no monte	na vila	no val
no mar	no río	no camiño

- Que palabra da 3.^a estrofa é sinónima de xoia?
- 7 Que verso se repite nas tres estrofas? Cópioo.
- 8 Fíxate no último verso. Con que se compara o movemento da herba cando sopra o vento? Elixé:
- a) Cun muíño de vento.
 - b) Coas ondas do mar.
 - c) Cunha randeeira.
- 9 Escribe os diminutivos das palabras destacadas en azul.